

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

INCLUSIÓN SOCIAL E IGUALDADE

GRUPO 4: COHESIÓN SOCIAL

MESA: Inclusión social e igualdade

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

- 1. Activar itinerarios integrados e personalizados de inserción, tendo en conta as diferenzas das zonas rurais fronte as urbanas para mellorar a inserción socio-laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.**
 - 1.1 Desenvolver as políticas de inclusión social partindo das necesidades de atención que precisa cada persoa usuaria.
 - 1.2 Facilitar o acceso aos servizos ás persoas que viven en territorios afectados polo fenómeno da exclusión territorial, a través de servizos de atención itinerantes, garantido a dispoñibilidade de servizos de transporte e facilitando a atención on-line trala formación necesaria en TIC.
- 2. Desenvolver accións integrais que fomenten a diversidade e a igualdade de trato e a loita contra todo tipo de discriminación para aumentar a integración socio-laboral, a contratación e o emprego por conta propia das persoas migrantes e outras persoas en situación de vulnerabilidade, puntual ou crónica.**
 - 2.1 Definir novos modelos de formación profesional adaptada para persoas en risco de exclusión.
 - 2.2 Desenvolver modelos de acreditación de competencias adquiridas no estranxeiro e o recoñecemento da experiencia laboral das persoas migrantes.
 - 2.3 Contemplar a inmigración como un activo potencial relacionado co reto demográfico, na medida en que contribúe á renovación xeracional e á dinamización social, laboral e económica.
 - 2.4 Analizar as necesidades e as potencialidades laborais reais das persoas en situación de risco de pobreza, para que o proxecto de inclusión polo que opten acade os obxectivos formativos e de empregabilidade desexados.
- 3. Impulsar a integración socioeconómica de comunidades marxinadas como a poboación xitana.**
- 4. Impulsar a responsabilidade social empresarial, recoñecendo o seu compromiso a través do selo de empresa inclusiva, e promover a colaboración da iniciativa privada nos obxectivos de inclusión social das persoas e familias máis vulnerables**
- 5. Eliminar a discriminación por orientación sexual e protexer e apoiar ás mulleres que sofren violencia de xénero**

- 5.1 Fortalecer a concienciación da cidadanía ante casos de violencia de xénero, exclusión social e situacións de pobreza, traballando estes aspectos desde a educación infantil ata as escolas de pais e nais.
 - 5.2 Mellorar a visibilización das mulleres do rural vítimas de violencia de xénero, tendo en conta que no medio rural, onde non hai anonimato e existe unha maior dificultade de acceso aos recursos, se debe abordar esta temática dunha maneira específica, a través da intervención social grupal e comunitaria.
- 6. Facilitar o acceso e o mantemento da vivenda en condicións de habitabilidade e nunha contorna inclusiva, poñendo o foco nas familias máis vulnerables con menores, así como nos mozos e mozas.**
- 6.1 Establecer medidas para impulsar o control e a obriga de manter o parque inmobiliario.
 - 6.2 Aumentar o número de vivendas do parque público e posta en marcha da rede de vivendas de inserción prevista na lei de vivenda de Galicia.
 - 6.3 Promover servizos de intermediación inmobiliaria para facilitar o acceso á vivenda de todos os grupos de poboación sen discriminación.
 - 6.4 Incrementar o número de prazas de servizos de aloxamento en centros de inclusión (aloxamento de media-longa estancia sen proxecto condicionado, que evite o risco de cronicidade).
- 7. Asegurar un sistema de garantía de ingresos para as persoas, a través dunha inserción sociolaboral con emprego digno e, de non ser o caso, garantir un sistema áxil de ingresos mínimos para que as persoas accedan aos recursos básicos.**
- 7.1 Establecer a garantía de recursos nos fogares nos que habite persoas en situación de dependencia.
- 8. Desenvolver políticas económicas que propicien unha distribución máis xusta da riqueza e a redución das desigualdades.**
- 9. Mellorar a accesibilidade para as persoas máis vulnerables aos servizos de atención sanitaria, sociais e de orientación, formación e educación, dando una resposta axeitada as súas necesidades, incluíndo a eliminación dos estereotipos.**
- 9.1 Estudar a implementación de certas figuras como o mediador/a intercultural nos centros sanitarios, que faciliten o traballo dos e das profesionais sanitarias e o acceso de certos grupos de poboación vulnerables, para un uso efectivo dos ditos servizos.
- 10. Promover unha educación accesible e inclusiva, especialmente entre adolescentes e adultos con baixa cualificación, que reduza o abandono educativo temperán e o fracaso escolar, mellore os niveis de cualificación e dote aos cidadáns e cidadás das habilidades e competencias, persoais e profesionais, necesarias para a súa inserción no mercado de traballo e erradicación da pobreza e exclusión social.**

- 10.1 Desenvolver actividades de reforzo escolar.
- 10.2 Promover unha educación infantil e familiar que traballe obxectivos de igualdade e equidade, así como obxectivos comúns aos servizos educativos, sanitarios e sociais.

11. Promover unha crianza positiva e saudable para todas as familias, desenvolvendo políticas de apoio ás familias e facilitando apoios desde os servizos sociais, sanitarios e educativos necesarios aos grupos de poboación vulnerables.

- 11.1 Contemplan a pobreza infantil desde a perspectiva da infancia. A poboación infante debe ter acceso ás mesmas oportunidades e poder desenvolver todo o seu potencial para contribuír na sociedade.
- 11.2 Conectar a crianza de nenas e nenos como factor de exclusión co reto demográfico. Evitar que ter fillos e fillas poida supoñer un factor de exclusión, cando en realidade se debe potenciar a natalidade e reforzar as axudas á maternidade como un ben social.
- 11.3 Fomentar a conciliación da vida laboral e familiar, entre outras medidas coa escolarización gratuíta dende 0 a 3 anos.
- 11.4 Loitar contra a herdanza da pobreza e o ciclo da desvantaxe, xa que se se parte dunha posición de maior dificultade, a mobilidade social é máis complicada.

12. Facilitar o pleno desenvolvemento das persoas e unidades familiares máis vulnerables e atender as necesidades derivadas das situacións de exclusión social e as familias con persoas con dependencia ou menores a cargo, con especial atención á monoparentalidade, de cara a mellora da súa calidade de vida.

13. Garantir a accesibilidade universal e fomentar a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a participación das persoas con discapacidade en termos de igualdade.

- 13.1 Potenciar o empoderamento persoal e colectivo das persoas.
- 13.2 Prestar atención e protección á diversidade da poboación.
- 13.3 Fomentar a I+D+i na atención, protección e promoción das persoas e os seus dereitos, de maneira accesible e alcanzable, que lles permita acadar unha maior independencia.
- 13.4 Potenciar a protección da autonomía persoal desde unha perspectiva integral, no só desde a da dependencia, traballando o desenvolvemento das habilidades sociais e as competencias non cognitivas que inciden na autonomía.
- 13.5 Garantir a eliminación de barreiras en todos os inmobles e instalacións das AAPP galegas.

14. Previr o senfogarismo para evitar a súa aparición e consolidación e eliminar o chabolismo ou outras situacións de infravivenda.

- 15. Reducir a carga burocrática e simplificar os procedementos administrativos das distintas administracións, principalmente na relación coas persoas, así como tamén coas entidades de acción social.**
- 15.1 Estudar medidas concretas como o “portelo único”, que implica pasar dunha coordinación de servizos a unha integración e acción conxunta.
 - 15.2 Articular un sistema de gobernanza que garanta a eficacia e efectividade do traballo dos diferentes axentes público-privados implicados.
 - 15.3 Estender a Historia Social Única Electrónica (HSUE) ao 100% dos concellos galegos, e seguir mellorándoa para que sexa un sistema integrado de intercambio de información entre o sistema de servizos sociais e os demais sistemas de protección social (sanidade, educación, emprego, vivenda...), así como entre as administracións locais e a autonómica.
- 16. Garantir a adecuada atención especializada do sistema de saúde aos problemas de saúde mental, como elemento asociado á exclusión, fomentando medidas de prevención desde a detección temperá na escola á atención primaria de saúde.**
- 16.1 Promoción de apoios que permitan axilizar o diagnóstico e procuren a adhesión aos tratamentos de prescrición facultativa.
 - 16.2 Establecemento de vías de preferencia na atención ás persoas sen fogar con trastorno mental.
- 17. Superar a fenda dixital como elemento de exclusión e paliar os efectos da transformación dixital do mercado de traballo nos grupos de poboación en situación de vulnerabilidade e outros ata agora non vulnerables que se ven afectados pola fenda dixital.**
- 18. Romper co illamento e soidade das persoas maiores fomentando a súa participación na sociedade mediante a intervención social grupal e comunitaria, tendo en conta que a soidade se manifesta de maneira diferente nas zonas urbanas e nas rurais.**
- 18.1 Poñer en marcha un comisionado para loitar contra a soidade e o impacto negativo que ten nos custos sanitarios.
 - 18.2 Promover a interacción social, fomentar a interdependencia e a creación de redes sociais a todas as idades, fomentando o asociacionismo e promovendo as actividades grupais e a vida en comunidade.
- 19. Favorecer o acceso aos servizos básicos de calidade para toda a poboación e aproveitar o potencial inclusivo do sector primario de cara a poñer fin ao círculo de exclusión territorial, ademais da produción doutras externalidades positivas como a economía verde ou a economía social que ofrecen moitas posibilidades en canto á integración dos grupos de poboación en situación de vulnerabilidade.**
- 20. Establecer como principio transversal a igualdade de xénero como estratexia de cara a fomentar a conciliación familiar e laboral e eliminar a fenda salarial, o teito de cristal e o machismo.**

21. Apostar pola implementación de políticas que promovan o desenvolvemento comunitario como elemento vertebrador da cohesión social e a sustentabilidade do sistema.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.1 Elevada taxa de risco de pobreza ou exclusión social, especialmente na poboación xuvenil, poboación estranxeira, fogares monoparentais con menores ou mozos e mozas a cargo, e en zonas pouco poboadas.</p>	<p>A.1. A inserción no mercado laboral segue presentando grandes dificultades para determinados grupos de poboación. As persoas en situación de exclusión acceden, en gran medida, dunha maneira precaria ao mercado de traballo.</p>	<p>F.1 Existencia de planificación autonómica no ámbito da inclusión social: Estratexia de Inclusión de Galicia 2014-2022, Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020, Plan de Atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023, Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, Plan de vivenda 2018-2021, Programa Reconduce, etc.</p>	<p>O.1 A inclusión social e a loita contra a pobreza é unha prioridade nas principais estratexias internacionais. O fin da pobreza, e a redución das desigualdades son ODS da Axenda 2030 das Nacións Unidas. Ademais, varios principios defenden a igualdade de oportunidades e a protección e inclusión social. Por último hai varios obxectivos específicos das políticas de inclusión social que apoiará o FSE+ no vindeiro período 2021-2027.</p>
<p>D.2 A taxa de risco de pobreza ou exclusión social e taxa de paro da poboación estranxeira son claramente superiores ás do conxunto da poboación.</p>	<p>A.2 Dificultade para soste o sistema de servizos e prestacións sociais derivados dos desequilibrios na poboación: incremento das necesidades sociais, envellecemento e diminución da poboación en idade de traballar.</p>	<p>F.2 Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.</p>	<p>O.2 Incremento de oportunidades laborais para as iniciativas de emprendemento e autoemprego, especialmente en empregos “verdes”, en empregos sociosanitarios e nos vencellados á economía prateada (envellecemento da poboación).</p>
<p>D.3 A pesar do descenso nos últimos anos, o 16% das persoas vive en fogares con carencia material.</p>	<p>A.3 Dispersión e reducida densidade de poboación en amplas zonas do territorio que dificulta a prestación de servizos básicos en condicións de igualdade.</p>	<p>F.3 Axudas e prestacións de carácter persoal (Axudas de Inclusión Social, Renda de Inclusión Social de Galicia e Pensións non contributivas) ás persoas en situación ou risco de exclusión social, carencia de recursos, etc.</p>	<p>O.3 Posibilidade de novas iniciativas relacionadas coa economía social e de empresas sociais innovadoras que representan un papel cruce como vías de inclusión sociolaboral e integración dos colectivos máis vulnerables</p>
<p>D.4 Baixa intensidade de ingresos por traballo en máis dun terzo dos fogares que reduce os seus ingresos co consecuente risco de pobreza que iso supón.</p>	<p>A.4 Discrepancias na Unión Europea e en España no deseño de políticas que aborden os problemas migratorios.</p>	<p>F.4 Case o 30% dos recursos do Fondo Social Europeo se destinan ao obxectivo de inclusión social e loita contra a pobreza superando claramente a porcentaxe esixida nos regulamentos.</p>	<p>O.4 Amplo potencial de desenvolvemento de servizos e tecnoloxías innovadoras para a provisión de cuidados de longa duración no domicilio, que mellorará a atención ás persoas dependentes e impulsará a creación de emprego</p>

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.5 A taxa de paro das persoas con discapacidade duplica a taxa de paro xeral.</p>	<p>A.5 Ausencia de apoio familiar no caso dos inmigrantes.</p>	<p>F.5 Consolidación da Rede galega de atención temperá para os nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, coordinando os ámbitos de sanidade, servizos sociais e educación.</p>	<p>O.5 Desenvolvemento e crecemento da Innovación social.</p>
<p>D.6 Case o 30% das vivendas da poboación xitana clasifícanse como infravivendas, triplicando o dato nacional, aínda que entre os anos 2007 e 2015 reducíronse nun 8% en Galicia. A situación en emprego, abandono e fracaso escolar e exclusión social e netamente peor respecto ao conxunto da poboación,</p>	<p>A.6 En ocasións as persoas en situación de vulnerabilidade non contan con contornas de convivencia que lles possibiliten avanzar no proceso de inclusión, ben a causa das relacións de parella, por problemas na vivenda ou por presión da contorna.</p>	<p>F.6 A taxa de cobertura escolar da poboación de 0 a 3 anos sitúase preto do 40%.</p>	<p>O.6 DECRETO 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.</p>
<p>D.7 Presencia de delitos de trata de seres humanos e contra a liberdade e indemnidade sexuais. Existencia de vítimas por violencia de xénero.</p>	<p>A.7 Escenario de incerteza respecto ao volume de recursos financeiros procedentes da política de cohesión para o período 2021-2027.</p>	<p>F.7. Garantía dunha prestación a todas as persoas maiores (pensións contributivas e non contributivas), o que contribúe a unha menor taxa de pobreza destas persoas respecto á da poboación total.</p>	<p>O.7 Maior sensibilización social contra a violencia de xénero e existencia de programas de apoio á inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero e de loita contra a explotación sexual.</p>
<p>D.8 Case un 30% dos fogares con gasto en aluguer da vivenda principal dedican máis do 25% dos seus ingresos ao pagamento do aluguer.</p>	<p>A.8 O rápido avance tecnolóxico pode actuar en prexuízo da inclusión social dos colectivos en situación de vulnerabilidade.</p>	<p>F.8 Presencia dun destacado número de organizacións de carácter privado no ámbito da inclusión social e igualdade de oportunidades, xurdidas da iniciativa cidadá ou social con fins de interese xeral e ausencia de ánimo de lucro.</p>	<p>O.8 Crecente implicación das empresas na inclusión da diversidade e a loita contra a discriminación, a través da Responsabilidade social empresarial.</p>

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.9 A maior incidencia de fogares que teñen gasto en aluguer dáse nos intervalos con menores ingresos mensuais.	A.9 Persistencia de prexuízos negativos cara as persoas en situación de exclusión social ou de pobreza.	F.9 Experiencia e coñecemento, por parte das administracións e da iniciativa social, no desenvolvemento de programas e plans de acción en diferentes ámbitos (emprego, inclusión, formación...) dirixidos aos colectivos máis vulnerables.	O.9 Investir en políticas de acollida das persoas inmigrantes dende o primeiro momento: ensinanza de linguas e das características da sociedade de acollida, validación de títulos, asesoramento xurídico en materia de estranxeiría, etc.
D.10 Dificultade de acceso a unha vivenda digna de familias con baixos ingresos e reducida capacidade de aforro.	A.10 Previsión dun menor ritmo de crecemento da actividade económica nos próximos anos que pode limitar a capacidade dos recursos públicos para facer fronte á dependencia, á exclusión social e á transmisión xeracional da pobreza, especialmente, en idade infantil e xuvenil.	F.10 Existencia dunha rede pública de centros sanitarios que garante o dereito á atención sanitaria ás persoas residentes.	O.10 Propoñer á Administración Xeral do Estado medidas para atraer a poboación estranxeira nova, como a concesión de permisos de residencia e traballo durante un ano aos/ás estudantes que rematan o grao en España ou facilitar a agrupación familiar dende o primeiro momento a quen crea unha empresa en España cun investimento mínimo.
D.11 No último decenio o crecemento dos ingresos medios por persoa e por unidade de consumo é inferior ao crecemento dos prezos.	A.11 Elevado porcentaxe de parados de longa duración sobre o conxunto de parados (44,4%)	F.11 Presencia dunha ampla rede de entidades, servizos e centros de servizos sociais capaz de dar resposta ás necesidades de atención social da poboación.	O.11 Grande marxe de mellora na coordinación das políticas e actuacións públicas, no impulso da acción conxunta e no desenvolvemento de relacións colaborativas.
D.12 O ingreso equivalente do 20% máis rico da poboación é 4,2 veces superior ao ingreso equivalente do quintil con menos ingresos.	A.12 O incremento de fogares con persoas maiores que viven soas.	F.12 Existencia dun sistema para a Promoción da Autonomía Persoal e Atención á Dependencia e existencia do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal.	

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.13 O ingreso equivalente do 40% do fogares é inferior a 977€ mensuais.	A.13 A dificultade de acceso aos servizos públicos e ao exercicio de dereitos recoñecidos en casos de necesidade, que xera descontento e malestar (dereitos de papel).	F.13 Experiencias de cooperación entre a Administración Central e a Comunidade Autónoma, entre os sectores de emprego, educación, vivenda e servizos sociais, e entre administracións públicas, o sector privado, a economía social, os axentes sociais e a sociedade no seu conxunto na resposta ás necesidades sociais (por exemplo, a Rede de Inclusión Social).	
D.14 A taxa de abandono escolar é superior á media europea aínda que se reduciu significativamente nos últimos anos.		F.14 Cambios nas políticas educativas incluíndo o sistema de formación dual, orientado a dar maiores posibilidades de emprego aos grupos menos cualificados e excluídos do mercado de traballo.	
D.15 Case unha cuarta parte das persoas con dependencia non dispoñen das adaptacións da vivenda que necesitan (ascensor, ramplas, baños adaptados, etc)			
D.16 A porcentaxe de persoas con dependencia pendentas de recibir prestación, en relación ao número total de persoas beneficiarias con dereito a prestación é do 11,6%, aínda que 7,5 puntos inferior á media estatal.			
D.17 Os ingresos medios por unidade de consumo dos fogares con nenos e mozos a cargo é un 8,6% inferior aos dos fogares sen nenos e mozos a cargo			

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.18 A antigüidade media das vivendas e maior canto menor son os ingresos do fogar. Case o 30% das vivendas ten máis de 50 anos e case un 20% presenta deficiencias de illamento térmico ou acústico e un 30% humidades.</p>			
<p>D.19 As persoas con algunha discapacidade por enfermidade mental representan o 16,6% do total de persoas con discapacidade. A taxa de suicidios é de 11,2 por 100.000 habitantes, similar a media europea e superior á estatal.</p>			
<p>D.20 Existencia de fenda dixital nos fogares segundo os seus ingresos, grao de urbanización do concello de residencia, nivel de estudos e idade das persoas.</p>			
<p>D.21 Máis da metade da poboación maior de 65 anos vive en fogares onde todos os seus membros son maiores de 65 anos, cunha maior incidencia nas provincias de Ourense e Lugo. O 51,3% destes fogares son unipersoais.</p>			
<p>D.22 A renda bruta dispoñible per cápita das zonas pouco poboadas é un 17,5% inferior á media de Galicia.</p>			
<p>D.23 Persistencia de fendas de xénero en diversos ámbitos: actividade laboral, salarios, conciliación e corresponsabilidade.</p>			

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.24 Déficits na simplificación das políticas sociais, escasa coordinación entre administracións e con outros sectores de importancia estratéxica para a loita contra a pobreza e a inclusión activa, como emprego, sanidade, vivenda e educación.			